

ANEXO VII

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO			
[]			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
[]	[]	[]	[]
BANCO	ENDEREZO		
[]	[]		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/da solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia alcance uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle a Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. No obxectivo principal da creación de

emprego é necesario establecer medidas coa finalidade de mellorar a situación laboral das persoas que traballan no agro e promover a creación de emprego no sector agrario de Galicia.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, establece no seu artigo 31 que as políticas activas de emprego en Galicia terán en conta de xeito prioritario a situación das mulleres no medio rural. Así mesmo, o artigo 38 desta lei establece que o departamento da administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras do medio rural.

A disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, estableceu unha redución durante tres anos do 30% da cota por contingencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas cotitulares de explotacións agrarias, sempre que se trate de persoas de 40 ou menos anos de idade, e que o/a seu/súa cónxuxe, cotitular dunha explotación agraria, estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.

A Lei 18/2007, do 4 de xullo, procede á integración dos traballadores e traballadoras por conta propia do réxime especial agrario no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, e crea, dentro deste réxime, un sistema especial para traballadores por conta propia agrarios. Esta lei establece unha redución durante cinco anos do 30% da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, a favor das persoas de 40 ou menos anos de idade que sexan cónxuxes ou descendentes da persoa titular da explotación agraria, sempre que esta se atope dada de alta nos citados réxime e sistema especiais.

Neste contexto normativo, esta orde establece a regulación do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias e a súa convocatoria para o ano 2010, dando continuidade aos incentivos e melloras introducidos neste programa desde o ano 2006.

Esta orde introduce importantes modificacións tanto no sistema de concesión das axudas, de xeito que se adianta á persoa beneficiaria o importe da subvención nun só pagamento, coma no sistema de seguimento e reintegro, por razóns de simplificación da xestión administrativa e de eficiencia do programa.

As bases reguladoras deste programa establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As bases reguladoras e a convocatoria deste programa axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010; e, no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto, finalidade e principios de xestión.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e a súa convocatoria para o ano 2010, do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explo-

tacións agrarias de Galicia, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Persoas beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias deste programa as persoas incorporadas á actividade agraria incluídas nalgún dos seguintes colectivos e que cumpran os requisitos previstos para cada suposto.

1. Persoas incorporadas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de outubro de 2009 e ata o 16 de xullo de 2010.
- b) Ter corenta ou menos anos de idade na data da dita incorporación.
- c) Que sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria, sempre que este se atope dado de alta nos citados réxime e sistema especiais.

d) Que sexan beneficiarias da redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social establecida na disposición adicional primeira da Lei 18/2007.

2. Mulleres incorporadas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de outubro de 2009 e ata o 16 de xullo de 2010.
- b) Ter corenta e un e ata corenta e cinco anos de idade na data da dita incorporación.
- c) Que sexan cónxuxes ou parentes da persoa titular da mesma explotación agraria, sempre que esta se atope dada de alta nos citados réxime e sistema especiais.

3. Mulleres de corenta e cinco ou menos anos de idade na data de alta na Seguridade Social, incorporadas a partir do 1 de outubro de 2009 e ata o 16 de xullo de 2010 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, titulares de explotacións agrarias nos seguintes supostos:

- a) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria en funcionamento que lles fose atribuída tras un proceso de separación ou divorcio.
- b) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria tras o falecemento, xubilación ou incapacidade recoñecida do seu cónxuxe, descendentes ou

ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive.

c) Mulleres que se incorporen a unha explotación familiar en marcha, cando o seu cónxuxe cause baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, por dedicarse a outra actividade e mentres este permaneza en situación de alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social.

Nestes casos, deberá producirse unha continuidade no funcionamento da explotación agraria de xeito que entre a data de alta no sistema especial da nova titular e a data do feito causante que determina o cambio de titularidade non transcorran máis de 12 meses.

4. Persoas beneficiarias deste programa en calquera das convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009.

5. Será requisito para percibir as axudas establecidas nesta orde que as persoas beneficiarias estean incluídas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

6. Non poderán ser beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

7. Non poderá obter a condición de persoa beneficiaria cando estea excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da

Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

8. A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 6 e 7 anteriores, para obter a condición de beneficiaria realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3º.-*Axuda.*

A contía total da axuda será de 3.000 euros por persoa beneficiaria.

Non obstante, para as persoas beneficiarias incluídas no número 4 do artigo 2º desta orde, o importe da axuda minorarase nas contías mensuais a que tiveron dereito conforme a ordes de convocatoria dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, desde a data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, e que se indican no seguinte cadro:

Anualidade	Importe mensual (incentivo 20%)	Importe mensual (incentivo 50%)
2006	29,46	73,66
2007	30,05	75,12
2008	30,65	76,62
2009	31,25	78,13

Artigo 4º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 5º.-*Solicitudes e prazo.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, dirixidas á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela, 15781 A Coruña), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 16 de xullo de 2010.

3. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada comportará a autorización expresa ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a consellería competente en materia facenda da Xunta de Galicia e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na disposición adicional cuarta desta orde.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, daquela deberá entregar coa solicitude a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de paga-

mento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

4. A solicitude e anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>.

5. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do/a beneficiario/a, a contía e a súa finalidade.

6. Coa presentación da solicitude de subvención, mediante o modelo anexo V desta orde, a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non prestar a autorización deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

7. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos na súa solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de promoción do emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lop.d.traballo@xunta.es.

Artigo 6º.-*Documentación.*

1. A solicitude deberá presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I a esta orde e deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non prestar a autorización, no modelo anexo V desta orde, a Consellería de Traballo e Benestar para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

b) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo anexo IV desta orde) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (segundo o modelo anexo V desta orde).

c) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo V).

d) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

e) Ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta bancaria que indica, segundo o anexo III desta orde.

Este certificado debe estar a nome da persoa solicitante, non sendo válido a nome da explotación.

2. As mulleres solicitantes incluídas no suposto do artigo 2º.2 desta orde, ademais da documentación indicada no número 1 anterior, deberán achegar a seguinte:

a) Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.

b) No caso de non figurar a persoa titular da explotación no documento da alta na Seguridade Social, fotocopia compulsada do documento acreditativo de quen é a persoa titular da explotación agraria.

c) Fotocopia simple do DNI da persoa cotitular da explotación agraria.

d) Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco.

3. As mulleres solicitantes incluídas nos supostos do artigo 2º.3 desta orde, ademais da documentación indicada no número 1 anterior, deberán achegar a seguinte:

a) Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.

b) Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco co anterior titular.

c) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2.3º, letra a): fotoco-

pia compulsada da sentenza de separación ou divorcio e fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

d) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2º.3, letra b): fotocopia compulsada do certificado ou certificados de defunción ou fotocopia compulsada da resolución de xubilación ou incapacidade do cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

e) Se é o caso, documentación acreditativa das circunstancias previstas no artigo 2º.3, letra c): copia da baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, e alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social do cónxuxe.

4. As persoas que foron beneficiarias deste programa en calquera das convocatorias das ordes de 2006, 2007, 2008 e 2009 deberán presentar a solicitude no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde xunto coa seguinte documentación:

a) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo V).

b) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo anexo IV desta orde) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (segundo o modelo anexo V desta orde).

c) Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante lle denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

d) No suposto de solicitar o cambio da conta bancaria para o ingreso da axuda deberá achegarse a ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira acreditativo de que a persoa solicitante é titular da conta bancaria que indica, segundo o anexo III desta orde.

5. Ás solicitudes das persoas interesadas xuntáranse os documentos sinalados neste artigo, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante;

neste caso a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 7º.-Procedemento de concesión, tramitación e instrución.

1. O procedemento de concesión das axudas recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comunicación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes será o Servizo de Apoio aos Emprendedores e á Integración Laboral das Persoas con Discapacidade da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola respectiva intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. As resolucións que se diten neste procedemento seranlles notificadas ás persoas interesadas, e deberanse motivar adecuadamente.

3. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001,

do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que subsista a obriga legal de ditar resolución expresa sobre a solicitude presentada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

6. Dado que as axudas do programa regulado nesta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das persoas beneficiarias, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 9º.-*Xustificación do pagamento.*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. En todo caso, respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, durante o período de programación 2007-2013, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

2. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión da documentación que se exixa expresamente nela, entre a cal deberá figurar a declaración complementaria do establecido no artigo 6º.1 alínea b) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo IV).

3. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non se atope ao

día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 10º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

1. A subvención establecida neste programa é incompatible coas establecidas nos programas para a promoción do emprego autónomo, de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.

2. En ningún caso o importe da axuda concedida ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da cotización á seguridade social satisfeita pola persoa beneficiaria correspondente a 36 mensualidades desde a data de solicitude de subvención.

A subvención establecida neste programa é compatible, de ser o caso, coas bonificacións ou reducións nas cotizacións á Seguridade Social establecidas na disposición adicional primeira da Lei 18/2007; na disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño; na disposición adicional undécima da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade; ou aquelas previstas na normativa da Seguridade Social.

Artigo 11º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

Son obrigas das persoas beneficiarias deste programa as seguintes:

a) Manter a alta no correspondente réxime especial da Seguridade Social e a actividade agraria durante un tempo mínimo de tres anos desde a data de solicitude da axuda, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar fidedignamente. No suposto de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano concedente dentro do prazo dos dous meses posteriores á dita baixa.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión

da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde son cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as persoas beneficiarias garantirán a dispoñibilidade dos documentos xustificativos dos gastos realizados e da xustificación da realización da actuación subvencionada, durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, de acordo co disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) 1083/2006. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

g) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, de ser o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007). Neste senso, a aceptación da axuda comunitaria implicará á súa aparición na lista pública conforme o previsto no artigo 8º.6 desta orde.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución concesoria.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda prevista nesta orde, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 13º.-*Revogación e reintegro.*

1. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspon-

dente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Procederá o reintegro parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde cando, de non cumprir a obriga establecida no artigo 11 letra a) de manter a actividade agraria durante tres anos, se aproxime de xeito significativo a ela, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dous anos, e a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

3. A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 14º.-*Seguimento e control.*

1. A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

2. Os/as solicitantes das axudas previstas nesta orde, no suposto de teren a condición de beneficiario/a e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, autorizan a Consellería de Traballo e Benestar para que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social lle poida facilitar a información sobre a situación de alta no sistema da Seguridade Social.

Artigo 15º.-*Devolución voluntaria da subvención.*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante ingreso na conta de *Caixa Galicia* 2091 0300 47 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería

de Traballo e Benestar, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios e beneficiarias, respecto das resolucións concesorias, de que deriven causa, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Cuarta.-A Consellería de Traballo e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais asinaron, con data do 30 de outubro de 2007, o Convenio de cesión de datos entre a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Traballo, en aplicación do protocolo de colaboración asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Secretaría de Estado da Seguridade Social, para a posta en marcha dunha liña de axudas aos cotitulares de explotacións agrarias, co obxecto de facilitar a acreditación nas persoas solicitantes das axudas desta orde da súa condición de persoas beneficiarias da redución de cotas á Seguridade Social, segundo o establecido no artigo 2 desta orde, da súa alta no réxime especial agrario por conta propia ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, así como para a acreditación da efectiva cotización.

Quinta.-As referencias ao cónxuxe do titular da explotación agraria contidas nesta orde entenderanse tamén realizada, á persoa ligada de forma estable con aquel por unha relación de afectividade análoga á conxugal unha vez que se regule, no ámbito do campo de aplicación do sistema da Seguridade Social e dos réximes que o conforman, o alcance do encadramento da parella de feito do empresario/a ou do titular ou da titular do negocio industrial ou mercantil ou da explotación agraria ou marítimo-pesqueira.

Sexta.-A concesión das axudas reguladas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento da partida orzamentaria asignada.

O pagamento das axudas reguladas nesta orde financiarase con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que, mediante disposición complementaria se determinen anualmente, logo da aproba-

ción dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

En virtude do anterior, no exercicio 2010 o financiamento das axudas recollidas nesta orde realizárase con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 12.04.322C.480.0, código de proxecto 2010 00752, cun importe de 500.000 euros. Esta contía está recollida na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Sétima.-Este programa é cofinanciable polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, no tema prioritario 69 do eixo 2, a través do Programa Operativo de Galicia do Fondo Social Europeo no marco do obxectivo de converxencia, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007, CCI 2007ES051P0004. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

Disposición transitoria

Única.-Poderán atenderse con cargo aos créditos que financian esta orde aquelas solicitudes que presentadas en prazo e cumprindo todos os requisitos establecidos para a súa concesión, conforme o establecido na orde de convocatoria do programa regulado nesta orde do ano 2009, non constase a información da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme o convenio asinado para o efecto, sobre o cumprimento de requisitos e a acreditación da cotización no momento da resolución.

Estas persoas solicitantes tamén poderán ser beneficiarias ao abeiro da orde de convocatoria do ano 2010, para o que deberán presentar unha nova solicitude ao abeiro desta orde coa documentación indicada no artigo 6.4º, e no mesmo prazo xeral establecido no artigo 5.2º. Neste caso a contía da subvención determinarase segundo o previsto no artigo 3º pero sen minorar as contías correspondentes ás que tivese dereito conforme a orde de convocatoria do ano 2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXP. Nº

PROCEDEMENTO PROMOCIÓN DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DOS COTITULARES OU TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR340G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE / CONCELLO		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	DATA DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL	IDENTIFICACIÓN EXPEDIENTE 2009	

SOLICITA: que se lle aboe o incentivo para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias.

IDENTIFICACIÓN DO COLECTIVO POLO QUE SE SOLICITA A AXUDA (ART.2º)

- COTITULAR DE 40 OU MENOS ANOS DE IDADE (art. 2.1º)
 COTITULAR DE 41 A 45 ANOS DE IDADE (art. 2.2º)
 TITULAR DE 45 OU MENOS ANOS DE IDADE (art. 2.3º)

DOMICILIO DE NOTIFICACIÓN

Para os efectos de notificación sinálase como domicilio preferente: O domicilio da persoa solicitante O indicado a continuación

ENDEREZO		PROVINCIA		
LOCALIDADE / CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE REMATARÁ O 16 DE XULLO DE 2010 (ART. 5.2º)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de promoción do emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lpd.traballo@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

ANEXO II

TR340G

INDÍQUESE CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

A) DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA SOLICITUDE (ART. 6º)

COTITULAR DE 40 OU MENOS ANOS (ART. 2.1º):

- Solicitud debidamente asinada.
- Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante, unicamente no caso de non prestar autorización no modelo anexo V para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* agrario (segundo o modelo anexo IV) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (anexo V).
- Declaración responsable e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (anexo V).
- Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira (anexo III) a nome da persoa solicitante.

COTITULAR DE 41 ATA 45 ANOS (ART. 2.2º):

- Solicitud debidamente asinada.
- Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante, unicamente no caso de non prestar autorización no modelo anexo V para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* agrario (segundo o modelo anexo IV) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (anexo V).
- Declaración responsable e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (anexo V).
- Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira (anexo III) a nome da persoa solicitante.
- Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.
- No caso de non figurar a persoa titular da explotación na alta na Seguridade Social, fotocopia compulsada do documento acreditativo de quen é a persoa titular.
- Fotocopia simple do DNI da persoa cotitular da explotación agraria.
- Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco.

TITULAR DE 45 OU MENOS ANOS (ART. 2.3º):

- Solicitud debidamente asinada.
- Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante, unicamente no caso de non prestar autorización no modelo anexo V para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* agrario (segundo o modelo anexo IV) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (anexo V).
- Declaración responsable e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (anexo V).
- Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira (anexo III) a nome da persoa solicitante.
- Fotocopia compulsada do documento de alta na Seguridade Social no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos (modelo TA.0521/7), e a fotocopia compulsada da resolución da Seguridade Social en que se recoñece a alta no devandito réxime e sistema especial.
- Fotocopia compulsada dos libros de familia que acrediten o parentesco co anterior titular.

ADEMAIS, NESTE ÚLTIMO COLECTIVO, SEGUNDO O CASO, ACHEGARASE

A) Suposto do artigo 2.3º a):

- Fotocopia compulsada da sentenza de separación ou divorcio.
- Fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

B) Suposto do artigo 2.3º b):

- Fotocopia compulsada do certificado ou certificados de defunción ou fotocopia compulsada da resolución de xubilación ou incapacidade do cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive.
- Fotocopia compulsada do documento acreditativo da asignación da explotación agraria á solicitante.

C) Suposto do artigo 2.3º c):

- Copia da baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos do cónxuxe.
- Copia da alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social do cónxuxe.

PERSOAS BENEFICIARIAS DESTE PROGRAMA DURANTE OS ANOS 2006, 2007, 2008 OU 2009 (ART. 2.4º) :

- Solicitudade debidamente asinada.
- Declaración responsable e autorizacións, asinadas pola persoa solicitante (anexo V).
- Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* agrario (segundo o modelo anexo IV) ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións (anexo V).
- Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- No caso de querer cambiar a conta bancaria, ficha de transferencia bancaria e certificado da entidade financeira (anexo III) a nome da persoa solicitante.

B) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR PARA O PAGAMENTO (ART. 9º)

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

- Declaración complementaria do establecido no artigo 6.1º alínea b) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* agrario ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo IV).

ANEXO III

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao/á titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

ANEXO IV

DECLARACION EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona , con DNI/NIE nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

a) Que o importe da axuda solicitada, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supera o custo da cotización á Seguridade Social satisfeita pola persoa beneficiaria correspondente a 36 mensualidades desde a data de solicitude da subvención (art. 10.2º).

b) Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾	
					SI	NON
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

⁽¹⁾ INDICAR CUN "X" O QUE PROCEDA SEGUNDO A AXUDA ESTEA OU NON SUXEITA AO RÉXIME DE MINIMIS AGRARIO (REGULAMENTO (CE) Nº 1535/2007; DOUE Nº L 337)

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS ⁽¹⁾	
					SI	NON
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

⁽¹⁾ INDICAR CUN "X" O QUE PROCEDA SEGUNDO A AXUDA ESTEA OU NON SUXEITA AO RÉXIME DE MINIMIS AGRARIO (REGULAMENTO (CE) Nº 1535/2007; DOUE Nº L 337)

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/da solicitante ou persoa que o represente)

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

Don/Dona , con DNI/NIE nº

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 10º da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnen as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido no artigo 2º da orde de convocatoria.
- c) Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- d) Indicar o que corresponde:
- Non ten solicitado nin percibido para este proxecto ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública agás a redución do 30 % das cotas á Seguridade Social establecida na disposición adicional 1ª da Lei 18/2007.
- Ten percibido ou solicitado as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo IV).
- e) Autoriza á obtención das certificacións establecidas no artigo 5.3º da orde de convocatoria, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. No caso de denegación expresa do consentimento deberá presentar as devanditas certificacións.
- Non autoriza a obtención das certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.
- f) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.
- g) Autoriza a consellería, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- SI NON (Neste caso deberá presentar a documentación)
- h) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- g) Autoriza a Consellería de Traballo e Benestar, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a solicitar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 14.2º da orde de convocatoria.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura da persoa solicitante)